

GCiencia

xornalismo+divulgación

Elisa Patiño, Chichana, a primeira aviadora galega

Por Victoria García (26/09/2018)

[Data de descarga: 03/01/2022]



Chichana Patiño.

O 12 de outubro de 1913, na praia de Baltar (Sanxenxo), unha moza galega de 23 anos fixo algo que posiblemente moitas outras soñaran, pero que ningunha fixera: voar. Elisa Patiño y Meléndez, coñecida como Chichana, moza dunha distinguida familia de Pontevedra, subiu ao aeroplano pilotado por José Piñeiro, un dos pioneiros do aire en Galicia, xunto a Joaquín Loriga Taboada ou Ramón Franco, entre outros.



Artigo sobre o primeiro voo de Chichana.

Fonte: *La Correspondencia Gallega*.

Chichana nacera en 1890, os seus pais, Albino Patiño e Rosa Meléndez, ostentaban o título de Duques de Patiño. Desde moi nova estivo moi presente na vida social da cidade. “Recibiu unha educación exquisita, e como muller intelixente e inqueda, manifestouse a través da arte: tocaba o violín, o piano, cantaba e pintaba”, conta Milagros Bará nun artigo publicado no *Diario de Pontevedra*. E así o din as crónicas: *La Correspondencia Gallega*, co gallo dunha gala benéfica para a Cruz Vermella, falaba dunha interpretación de Chichana: “Afortunadísima

na composición e caracterización do tipo, correctísima na expresión do xesto e da linguaxe. Ofreceunos ademais o agasallo da súa meliflua voz, cantando, entre bastidores, vibrantes cancións de sabor andaluz con pureza de acento e de dicción”.

“Una señorita por los aires”

A comezos do século XX, ver **voar un avión** era para moita xente algo semellante á maxia. Así, os primeiros voos de pioneiros como Piñeiro, en 1913, congregaban a multitudes. E no mes de outubro, nun dos seus exercicios, Chichana Patiño **subiu a bordo**. *El Correo de Galicia* titulou “Una señorita por los aires”. O artigo dicía así:

“O domingo último sorprendeu Piñeiro aos veciños de Sanxenxo cun soberbio voo feito en circunstancias moi interesantes. Ás nove da mañá elevouse no aeródromo de Baltar, e despois de varias evolucións interesantes, descendeu na pintoresca praia de Sanxenxo. Desde alí partiu novamente no seu magnífico ‘Bleriot’, levando á distinguida Srta. Chichana Patiño, quen cunha admirable serenidade cruzou os aires durante algúns minutos en compañía do notable aviador. Ao descenderen, foron obxecto dunha aviación”.

En 1916, Chichana casa en Pontesampaio con **Enrique Alcaraz**, secretario de Sanidade no porto de Corcubión, e en xuño de 1917 nace a súa filla Lucía. Quedaba toda unha vida por diante que, por desgraza, tronzou a letal gripe de 1918, coñecida como ‘gripe española’, meses despois da morte do seu irmán **Eduardo** con só 23 anos. Ás 5 da madrugada do 12 de abril de 1919, **con 29 anos**, Chichana Patiño morre “despois dunha longa doenza, sufrida con verdadeira

resignación, rodeada dos coidados e cariños da súa amante familia”.
Ao seu enterro acudiron numerosos persoeiros de Pontevedra.



LA SEÑORA
Doña Elisa Patiño Melendez
FALLECIÓ AYER, DESPUES DE RECIBIR LOS SANTOS SACRAMENTOS
R. I. P.

Su afligido esposo D. Enrique Alcaraz Díez, hija Lucía, padre D. Albino Patiño Amado, abuela, madre política, hermanos políticos, tías, tíos políticos, primos y demás parientes;

Ruegan a sus amigos y personas piadosas encomienden su alma a Dios y se dignen asistir a la conducción del cadáver al Cementerio hoy domingo, a las seis de la tarde, y a los funerales que por su eterno descanso se celebrarán mañana lunes a las once en la Iglesia parroquial de Santa María, por lo que les quedarán agradecidos.

Casa mortuoria: Alameda, 8.
Pontevedra 13 de abril de 1919.

NO SE RECIBE DUELO NI SE REPARTEN ESQUELAS.

Esquela de Chichana Patiño.